

MESA SECTORIAL DO 18 DE DECEMBRO DE 2009

3. ORDE LICENZAS POR ESTUDIOS.

CCOO demanda da Consellería a redución o requisito de ter gozado doutra licencia nos últimos oito anos, baixándoa a 5 pero mantendo unha preferencia para aqueles que nunca gozaron deste tipo de licencias. Detrás deste colectivo irían os outros.

Dende CCOO solicitamos a supresión do informe da inspección.

A ADMINISTRACIÓN NON O ADMITE.

Para CCOO é importante que se incorporen as licencias para elaboración de materiais relacionados coas bibliotecas. Para nós é unha cuestión importante que detectamos entre o profesorado e entendemos que tamén debera ser para a Consellería polo pulo que se lle está a dar nos centros nos últimos tempos.

A ADMINISTRACIÓN O ACEPTA.

Tamén demandamos que cando a licencia sexa concedida a un equipo que a retribución e liberación horaria non sexa só para o coordinador senón a todos os membros que compoñen o proxecto.

Demandamos que a Administración arbitre medidas para cambiar a norma e nas licencias non retribuídas, poida ser a administración quen aboe as cotizacións de funcionarios.

- Debe haber oferta de 2º diplomatura para mestres.
- Debe haber oferta de 2º licenciatura para mestres que accederon ao corpo con licenciatura. Senón teñen vedado o acceso a calquera licencia por estudos.

Asimesmo, demandamos que se poidan acumular as licencias dos diferentes corpos.